

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	-
MATERIA	Deseño de escenografía
DISCIPLINA	Espazo escénico II
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
ITINERARIO	-
CURSO	1º
CRÉDITOS ECTS	5
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Escenografía
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	David Mortol Moreno
DOCENTES	Nome e apelidos: David Mortol Moreno Horario titorías: Despacho: Departamento de Escenografía Contacto: davidmortol@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	Afondamento nos principios de composición. Coñecemento e utilización dos principios de estrutura, forma, cor, textura, espazo e volume.
COÑECEMENTOS PREVIOS	-
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DA TITULACIÓN	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
EE2	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.

EE5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Coñecer os procesos, técnicas e recursos que axudan a resolver calquera proxecto relacionado co espazo.	T2, X1, X5, EE2, EE5	
2. Amosar unha actitude positiva para a adaptación a distinto entornos e enfrontarse a retos creativos múltiples.	T2, T8, X1, X5, EE2, EE5	
3. Saber interpretar, traducir e expresar sensacións e emocións a través dunha linguaxe plástica propia.	T2, T3, T7, T8, X1, X3, EE2, EE5	
4. Relacionar todos os elementos que conforman e interveñen no espazo escénico, entendido este como un sistema de signos dun elevado valor dramático.	T1, T2, T3, T8, X1, X3, X6, EE2, EE5	
5. Demostrar sensibilidade estética, creativa e técnica na concepción e realización dos exercicios propostos.	T2, T7, T8, X1, X3, EE2, EE5	
6. Establecer un proceso de traballo creativo, eficaz e personalizado que potencie as capacidades e os recursos de cada alumno, montivándoo en todo momento.	T1, T7, X1, X3, X6	
7. Saber expresar, xustificar e defender a través da exposición oral calquera idea, proxecto ou proceso de traballo, dun xeito convincente e rigoroso.	T2, T7, T8, X1, X3, X5, EE5	
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Creadores de espazos escénicos II	1.1. Análise de diversos proxectos multidisciplinais de creadores/as que traballan co espazo como elemento esencial dentro da súa produción.	5
2. Texturas	2.1. A dramaturxia dos materiais: Valor expresivo e emocional das texturas no ámbito escenográfico. 2.2. Tipoloxía, cambios e modificacións nos materiais: tamaño, distancia, luz, cor...	10
PROXECTO DE INTEGRACIÓN ENTRE ESPECIALIDADES		
Integración xunto con alumnado da especialidade de Interpretación e de Dirección escénica e dramaturxia.		
3. Intervención no espazo	3.1. Intervención espacial a partir dos conceptos vistos ao longo dos procesos de ensaios. 3.2. Organización dos tempos: Ensaio (axustes das propostas), procesos de montaxe e desmontaxe.	25
4. Memoria do proxecto (desde a búsqueda da idea inicial ata a implantación final)	4.1. A investigación creativa: Búsqueda de documentación, antecedentes e referentes noutros ámbitos artísticos. 4.2. Proceso de deseño: Bosquexos, maquetas de traballo e planos de planta e alzado. 4.3. Relación, interpretación e conclusión dos procesos creativos e do resultado final. 4.4. Memoria, defensa e presentación dun proxecto.	14
5. Corpo e espazo	5.1. Percepción e uso do espazo. O espazo habitado. 5.2. A interacción do corpo co espazo. 5.3. Transformacións do espazo.	16
6. O obxecto	6.1. O valor dramático do obxecto. Creación e transformación: materiais, proporcións, cores, texturas... 6.2. Manipulación e outros usos escénicos. O obxecto-personaxe. 6.3. O obxecto no espazo: A semántica do obxecto e da luz.	15
7. Maquetismo II	7.1. Construción de maquetas: Materiais, ferramentas, técnicas, unión	5

	de materiais...		
	7.2. Planos de corte e ensamblaxe.		
	7.3. Presentación de maquetas: soportes, cartelas (información básica).		
	7.4. Manexo das escalas e o escalímetro.		
TOTAL SESIÓNS			90
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	6		6
Exposición maxistral	6	2	8
Exposición práctico-teórica	8		8
Práctica individual	42	16	58
Práctica colectiva	12	4	16
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias	6		6
Outros			
Titorías individuais	8	4	12
Titorías de grupo	2		2
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	6	10	16
Actividades de avaliación. Revisión	9	9	18
TOTAL	105	45	150
6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSIANZA E APRENDIZAXE			
Actividades	Descrición		
Actividades introdutorias	Presentación xeral da materia: obxectivos, metodoloxía, criterios de avaliación, etc.		
Exposición práctico-teórica	Explicación teórica sobre un tema calquera que serve como base introdutoria para o desenvolvemento posterior dun proxecto de carácter práctico.		
Práctica individual	O alumnado terá que desenvolver dun xeito individual pequenos proxectos de carácter práctico, co obxectivo de acadar as competencias necesarias.		
Práctica colectiva	Prácticas enfocadas á participación activa en grupo, aos cambios de roles dentro dun proceso creativo, á capacidade de escoitar aos compañeiros, así como a capacidade de modificar as propostas persoais.		
Actividades complementarias	No caso necesario podería facerse algunha saída fóra da escola coa finalidade de visitar e coñecer calquera actividade vinculada co temario do curso.		
Titorías individuais	Sesións onde o docente e o alumnado revisan e aclaran as dúbidas concretas sobre os contidos relacionados co desenvolvemento da materia.		
Titorías de grupo	Titorías enfocadas a aclarar as dúbidas relacionadas coas prácticas colectivas.		
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA			
Titoría presencial	O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.		
Titoría non presencial	O alumnado pode realizar un seguimento da materia a través de correo electrónico.		
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN			

8. 1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Proxecto final de intervención espacial.	T1, T2, T3,T8,X1,X3,X5,X6,EE2,EE5	35%
Desenvolvemento, presentación e exposición dos exercicios e proxectos realizados ao longo do curso. Para aprobar a materia deberán realizarse e entregarse todos eles no prazo e da maneira establecidos. Ademais, deberán obter una nota de 3 ou máis para poder facer a media entre eles.	T1, T2, T3,T8,X1,X3,X5,X6,EE2,EE5	50%
Exame teórico-práctico.	T2,T7,T8,X1,X3,X5,EE2,EE5	10%
Participación, actitude na aula, asistencia e puntualidade. O 10% de falta de asistencia supón a perda da avaliación continúa.	T7, X1, X5, X6	5%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Exame teórico-práctico.	T2, T3,T8, EE2, EE5	40%
O día do exame, o alumnado terá que presentar e/o entregar todos os proxectos e exercicios relacionados co temario visto ao longo do curso. O alumnado será informado dos contidos destas probas coa suficiente antelación. É obrigatorio o seguimento parcial, en horario de titorías, de todos os procesos desenvoltos polo alumnado.	T1, T2, T3,T8,X1,X3,X5,X6,EE2,EE5	25%
Proxecto de intervención espacial.	T1, T2, T3,T8,X1,X3,X5,X6,EE2,EE5	35%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Exame teórico-práctico.	T2, T3,T8, EE2, EE5	40%
O día do exame, o alumnado terá que presentar e/o entregar todos os proxectos e exercicios relacionados co temario visto ao longo do curso. O alumnado será informado dos contidos destas probas coa suficiente antelación. É obrigatorio o seguimento parcial, en horario de titorías, de todos os procesos desenvoltos polo alumnado.	T1, T2, T3,T8,X1,X3,X5,X6,EE2,EE5	25%
Proxecto de intervención espacial.	T1, T2, T3, T8, X1, X3, X5, X6, EE2, EE5	35%
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		

Referencias básicas

BACHELARD, Gaston. *La poética del espacio*.
Ed. Fondo de Cultura Económica, París (1994).

BREYER, Gastón. *La escena presente*.
Ediciones Infinito. Buenos Aires (2008).

BROOK, Peter. *El espacio vacío, Arte y técnica del Teatro*.
Ed. Península, Barcelona (2001).

DONDIS, Donis A. *La sintaxis de la imagen*.
Ed. Gustavo Gili, Barcelona (2008).

GORDON CRAIG, Edward. *El arte del teatro*.
Ed. Gaceta [Colección Escenología], México (1987).

HOWARD, Pamela. *Escenografía*.
Ed. Galaxia, Vigo (2004).

LÓPEZ DE GUEREÑU, Javier. *Decorados y tramoya*.
Ñaque Editora, Ciudad Real (1998).

MACGOWAN, Kenneth y MELNITZ, William. *Las edades de oro del teatro*.
Ed. Fondo de Cultura Económica, México (1964).

MACKINTOSH, Iain. *La arquitectura, el actor y el público*.
Ed. Arco/Libros, Madrid (2000).

MUNARI, Bruno. *Diseño y comunicación visual*.
Ed. Gustavo Gili, Barcelona (2008).

NIEVA, Francisco. *Tratado de escenografía*.
Ed. Fundamentos, Madrid (2000).

OLIVA, César y TORRES MONREAL, Francisco. *Historia básica del Arte Escénico*.
Ed. Cátedra, Madrid (1990).

VV.AA. *Investigaciones sobre el espacio escénico*.
Ed. Alberto Corazón [Comunicación 4], Madrid (1970).

DETERICH, Genoveva. *Diccionario del Teatro*.
Alianza Editorial, Madrid (1995).

PAVIS, Patrice. *Diccionario del teatro*.
Ed. Paidós. Barcelona (1998).

Referencias complementarias

MAC GOWAN, K & MEITNIZ (1966).

La escena viviente. Historia del teatro universal.
Eudeba, Buenos Aires.

EISENSTEIN, S. M. (2001)
Hacia una teoría del montaje.
Paidós, Ibérica. Barcelona.

BONT, D. (1981)
Escenotécnicas en teatro, cine y tv. L.E.D.A.
Ediciones de arte Riera San Miguel. Barcelona.

ARGAN, G. C. (1977)
El revival en las artes plásticas, la arquitectura, el cine y el teatro.
Ed. Gustavo Gili. Barcelona.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

- A realización dalgunha actividade desta materia podería implicar o seu desenvolvemento en horario de tarde: Cultural, Edugal, outras feiras ou eventos expositivos.
- Esta guía podería estar suxeita a cambios, co coñecemento previo e xustificado por parte do docente ao alumnado, segundo as necesidades ou a evolución do curso en cuestión.
- Prégase revisar a redacción e as faltas de ortografía nas memorias e probas escritas, xa que poden rebaixar a nota final en caso de exceso de faltas ou de escritos pouco lexibles.